DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 99 Martes, 24 de maio de 2022 Páx. 30490

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

*EXTRACTO da Orde do 28 de abril de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas á colaboración no financiamento de intervencións arqueolóxicas e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento CT104B).*

BDNS (Identif.): 625768.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Empresarios (persoas físicas ou xurídicas) e as persoas físicas e xurídicas sen ánimo de lucro que promovesen as intervencións arqueolóxicas comprendidas no ámbito da presente orde, desenvoltas en bens inmobles de titularidade privada, sempre que non se atopen en ningún dos supostos dos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia, e que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que as actuacións arqueolóxicas estean autorizadas e fosen realizadas desde o ano 2016 en diante e estean finalizadas na data de publicación da presente orde.

b) Que as actuacións se desenvolvesen conforme os proxectos arqueolóxicos presentados e se cumprisen as obrigas de responsabilidade da dirección de acordo co establecido no Decreto 199/1997, que regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Que se acredite a presentación e a entrega dos correspondentes informes valorativos ou das memorias técnicas e da acta de depósito dos materiais de acordo co citado Decreto 199/1997.

CVE-DOG: zakgwgj0-edx2-7jg8-hyh8-w03tikc6zts6

Segundo. *Finalidade*

A concesión de axudas, polo procedemento abreviado de concorrencia non competitiva, aos promotores particulares de calquera tipo de obras que afecten un conxunto histórico, zona arqueolóxica ou xacementos catalogados ou inventariados, nos casos en que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade ou a figura de planeamento vixente determine a necesidade de realizar intervencións arqueolóxicas, en concepto de colaboración no financiamento do custo da execución do proxecto arqueolóxico realizado de acordo cos requisitos establecidos nos artigos 96 e 97 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 28 de abril de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas á colaboración no financiamento de intervencións arqueolóxicas e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento CT104B).

Cuarto. *Importe*

Para a concesión das subvencións convocadas destinarase un crédito total de 50.000,00 euros coa seguinte distribución por aplicacións orzamentarias:

10.41.433A.770.0: 25.000,00 €.

10.41.433A.781.2: 25.000,00 €.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Un mes desde o día seguinte ao da publicación deste extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2022

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

CVE-DOG: zakgwgj0-edx2-7jg8-hyh8-w03tikc6zts6